



## DECRETO DE ALCALDÍA

### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA AS OBRAS “ADECUACIÓN DE ALUMEADOS PÚBLICOS NOS LUGARES DE CASTRO DE REI (CAPTITALIDADE) E A TORRE (CASTRO RIBEIRAS DE LEA)”. (SUBVENCIÓN DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022 CONCORRENCIA NON COMPETITIVA) Expediente 584/2022**

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto o Proxecto de “*Adecuación de alumbrados públicos en los lugares de Castro de Rei (capitalidad) y A Torre (Castro Riberas de Lea)*”, de data de febreiro de 2012, (visado co nº 1382022 de 15 de febreiro de 2022), redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Gerardo Baamonde Mulet, que tivo entrada no concello o día 17 de febreiro de 2022, co nº 379. Cun orzamento total de 24.971,07 euros, coa seguinte distribución:

- Valor estimado (sen IVE): 20.637,25€
- 21% de IVE: 4.333,82€

Vista a Memoria de Alcaldía de data 19 de setembro de 2022 xustificando a contratación da obra.

Vistas as ofertas presentadas no concello polas seguintes empresas:

- Manuel Novoa Castro S.L.U, con CIF B-27429653, que tivo entrada no concello o 15/09/22 co nº RE-608, para Adecuación de alumbrados públicos nos lugares de Castro de Rei (captitalidade) e A Torre (Castro Ribeiras de Lea), por importe estimado de 20.637,25€, máis 4.333,82€ de IVE, facendo un total de 24.971,07€.
- José Ángel Fernández Vázquez, con NIF 33857520-W, (Instalaciones y Montajes Eléctricos Valdés) que tivo entrada no concello o 16/09/22 co nº RE-613, para Adecuación de alumbrados públicos nos lugares de Castro de Rei (captitalidade) e A Torre (Castro Ribeiras de Lea), por importe estimado de 20.300€, máis 4.263€ de IVE, facendo un total de 24.563€.
- Instalacións e Técnicas de Automatización Ferma S.L., con CIF B-27508548, para Adecuación de alumbrados públicos nos lugares de Castro de Rei (captitalidade) e A Torre (Castro Ribeiras de Lea), que tivo entrada no concello o 16/09/22 co nº RE-614, para, por importe estimado de 20.637€, máis 4.333,77€ de IVE, facendo un total de 24.970,77€.

Visto o Informe de Intervención asinado en data 12 de setembro de 2022, pola Alcaldía e Intervención no que consta na bolsa de vinculación 1.6 do orzamento do exercicio 2022, crédito retido adecuado e suficiente por importe de 24.971,07€ para facer fronte á contratación da obra.

Esta obra finánciase con cargo a Resolución de concesión da subvención de concorrencia non competitiva (de 14 de xuño de 2022) da Dirección Xeral de Administración Local, que tivo entrada no concello co nº 1.693 de data 16/06/22, ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de



repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, (publicada no DOG nº 16 de 25 de xaneiro de 2022).

Esta actuación conta cunha subvención por importe de 24.971,07€.

Vista a Resolución da Deputación Provincial de Lugo de data 25/02/2022, na que autoriza a execución das obras contempladas no proxecto de *Adecuación de alumbrados públicos en los lugares de Castro de Rei (capitalidad) y A Torre (Castro Riberas de Lea)*, con condicións, onde establece entre outras como condición para exercitar a obra: “as obras deben ser terminadas no prazo de doce meses contados a partir da data de notificación de autorización”.

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 25/02/2022, que tivo entrada no concello o 25/02/22 co nº 1.584, na que autoriza o solicitado co cumprimento da seguinte condición:

*“Tras finalizar a intervención, remitirase memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha da súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, ao menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final. Esta memoria final entregarse á dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural no prazo de seis meses dende a finalización da intervención (art. 43.2 e 43.3 da LPCG).”*

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a contratación da obra de Adecuación de alumeados públicos nos lugares de Castro de Rei (capitalidade) e A Torre (Castro Ribeiras de Lea) e aprobar o gasto con cargo á bolsa de vinculación 1.6 do orzamento do exercicio 2022, por importe de 24.971,07€.

**Terceiro.-** Adxudicar á empresa José Ángel Fernández Vázquez, con NIF 33857520-W, (Instalaciones y Montajes Eléctricos Valdés) o contrato menor de realización da obra de Adecuación de alumeados públicos nos lugares de Castro de Rei (capitalidade) e A Torre (Castro Ribeiras de Lea), polo importe total de 24.563€, dos cales representan como valor estimado de 20.300 euros, máis o IVE correspondente (21%) que supón un total de 4.263 euros, dacordo co presuposto presentado no concello e nos termos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require o obxecto do contrato.





## CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

A obra realizarase durante o prazo sinalado no proxecto, un mes, debendo estar rematada e xustificada antes do 31 de outubro de 2022, dacordo co sinalado na resolución de concesión de subvención do organismo autonómico.

Deberá constar un cartel da obra en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, segundo o modelo do Anexo X das bases reguladoras e dacordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

**Cuarto.-** Notificarlle esta resolución á citada empresa.

**Quinto.-** Nomear como director da obra a D. Gerardo Baamonde Mulet e proceder a súa notificación.

**Sexto.-** Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE



Cod. Validación: 6JTNPLZR9G7D3XLWSA92NLNR6 | Corrección: <https://castroderrei.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3